



Concello
de
Narón

ORDENANZA FISCAL NÚM. 28.- REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.

ARTÍGO 1.-

FUNDAMENTO E NATUREZA.

Ó abeiro do previsto na lei reguladora das facendas locais, este concello establece a taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública parra aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal.

ARTÍGO 2.-

FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial pola entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, carga e descarga de mercadorías, materiais ou aparellos de calquera índole nos termos establecidos no artigo 6 desta ordenanza.

ARTÍGO 3.-

SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivo das taxas, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, a favor das cales se outorguen as licencias para gozar do aproveitamento especial, ou quen se beneficie do mesmo, sen ter solicitado licencia.

1.- Están obrigados ó pagamento da taxa regulada nesta ordenanza as persoas ou entidades a favor das que se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización dos usuarios dos servicios de garaxes e entrada e saída de vehículos.

2.- Cando a utilización privativa ou servico especial sexa solicitado ou realizado por persoa distinta do propietario do inmovible, os devanditos propietarios terán a condición de substitutos do contribuínte. Os substitutos poderán repercutir os importes das taxas sobre os beneficiarios.

ARTÍGO 4.-



RESPONSABLES.

Concello
de
Narón

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que sexan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

3.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizasen os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigas tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade de débeda esixible.
- c) En supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendente na data do cese.

4.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previsto na Lei xeral tributaria.

ARTÍGO 5.-

BENEFICIOS FISCAIS.

1.- O Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais non estarán obrigadas ó pago da taxa cando solicitasen licencias para gozar dos aproveitamentos especiais, necesarios para os servicios públicos de comunicacións que exploten directamente e para outros usos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá da defensa nacional.

2.- Non se aplicarán bonificacións nin redución para a determinación da débeda.

ARTÍGO 6.-

Tomarase como base da presente exacción da actividade da empresa gravada ou cando sexan locais destinados a garaxe, o número máximo de vehículos que se poidan acomodar, segundo a licenza obtida.

As tarifas das taxas serán as seguintes:

TARIFAS.



Concello
de
Narón

TARIFA PRIMEIRA:

Por cada entrada ó ano:

Almacéns ó por maior e fábricas	160,95.- €
Empresas de transportes de viaxeiros e mercadorías	223,50.- €
Establecementos de exposición e venda de vehículos automóbiles.	111,70.- €

Garaxes industriais:

Por cada vehículo que de conformidade coa licenza obtida se poida aparcar, 7,65.- €, cun mínimo de 67,15.- € ano

Garaxes con capacidade para:

Máis de 4 turismos	71,55.- €
Por 3 ou 4	26,80.- €
Por 2 ou menos	13,45.- €

Talleres:

Mecánicos e de servizo de amaño, pintura e lavados e outros similares 161,10.- €

TARIFA SEGUNDA:

Por cada metro lineal ou fracción de calzada á que alcance a reserva de espazo destinada a estacionamento ó ano:

a) Reservas permanentes	71,55.- €
b) Reservas permanentes de duración limitada:	
De 8 a 14	29,55.- €
De 14 a 22	29,55.- €
De 22 a 8	19,70.- €
c) Vaos permanentes m. o fracción	26,80.- €

TARIFA TERCEIRA:

a) Reserva parada taxi, por cada un	22,30.- €
b) Reserva parada para transporte lixeiro, ó ano por cada un	40,30.- €

TARIFA CUARTA:

O 10 por 100 do importe do traspaso, cun mínimo de: 614,00.- €
As reservas estarán sinaladas coas placas que fornecerá a policía municipal ó prezo de coste das mesmas

TARIFA QUINTA:

Reservas de espazo con carácter temporal.
Por metro lineal o fracción de calzada e día 2,05€

TARIFA SEXTA:

Por cada peche de rúa por periodo máximo dunha semana 109,80.- €

TARIFA SEPTIMA:

O acompañamento de transportes especiais, dentro de término municipal por hora ou fracción. Cota fixa: 46,00.-€

Cota variable:

a) Polo uso dos automóbiles municipais por hora ou fracción	10,20.-€
b) Polo uso da motocicleta municipal	6,10.-€



Concello
de
Narón

c) Persoal Policía por hora ou fracción cada un:

20,45.-€

TARIFA MÍNIMA:

Cota mínima en calquera caso para todas as tarifas

12,25.- €

As liquidacións correspondentes as tarifas QUINTA e SEXTA e SEPTIMA requirirán informe favorable previo da policía municipal.

ARTÍGO 7.-

NORMAS DE XESTIÓN.

1.- As cantidades esixibles de acordo coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou feito e serán irreductibles polos períodos naturais de tempo, sinalados nos respectivos epígrafes.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licencia ou autorización, face-lo depósito previo ó que se refire o artigo seguinte e formular declaración acompañando, no caso de licencias, un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do Concello.

3.- Os servizos técnicos deste concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias; se desen diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e se xirarán, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez corrixidas as diferencias polos interesados e, no seu caso, feitos os ingresos complementarios que procedan.

4.- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este concello a devolución do importe ingresado.

5.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.

6.- A presentación da baixa causará efectos a partir do día primeiro do semestre natural seguinte ó da súa presentación. A non presentación da baixa determinará a obrigação de continuar abonando o prezo público.

ARTÍGO 8.-

OBRIGACIÓN DE PAGAMENTO.



1.- A obrigación de pagamento da taxa regulado nesta ordenanza nace:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública, no intre de solicita-la correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesión de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada semestre natural.

2.- O pagamento da taxa realizarase:

- a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na tesourería municipal ou onde establecece o concello, pero sempre antes de retira-la correspondente licencia.

Este ingreso terá carácter de depósito previo, quedando elevado a definitivo ó concederse a licencia correspondente.

- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídos nos padróns ou matrículas desta taxas, por anos naturais nas oficinas da recadación municipal, desde o 16 do primeiro mes do ano ata o día 15 de segundo mes.

ARTÍGO 9.-

PERÍODO IMPOSITIVO E PERCEPCIÓN DE COTAS.

1.- O período impositivo coincidirá co ano natural ou polos períodos de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

As cotas serán irreductibles, devengándose integramente o primeiro día do ano natural, calquera que sexa o tempo de duración do aproveitamento dentro do exercicio.

2.- O cobro das cotas efectuarase mediante recibos anuais, ou polos documentos cobratorios previstos na normativa xeral para as tarifas cuarta, quinta, sexta e sétima.

ARTÍGO 10.-

DOCUMENTACIÓN.

As licencias para o aproveitamento da vía pública coa entrada ou paso de vehículos e carruaxes, e con reserva de espazo para aparcamento exclusivo, solicitaranse por medio de instancia dirixida ó Sr. Alcalde, en exemplar segundo modelo oficial que se lle facilitará na oficina de rexistro, no cal se determinarán os documentos que deberá aporta-lo interesado. Nos supostos de falta de calquera dos documentos esixidos actuarase conforme ó previsto na lei de procedemento administrativo.

ARTÍGO 11.-

TRAMITACIÓN.



Concello
de
Narón

1.- Polo rexistro xeral remitirase o expediente á sección de obras, que procederá a pedir nun só acto os informes regulamentarios que, no prazo de dez días, deberá emitila sección técnica, sobre a procedencia da concesión da licenza solicitada.

2.- Evacuados os informes, polo negociado correspondente formularase a proposta de resolución, que deberá ser motivada nos supostos de que fose denegatoria.

3.- A sección de facenda, previamente ó outorgamento da licenza, practicará a liquidación dos dereitos ou taxas que procedesen e pola intervención municipal procederase á censura correspondente.

4.- A tramitación dos servizos indicados nas tarefas 5, 6 e 7 realizase na seguinte orde: Presentación da solicitude de autorización, abono da taxa e toma de razón polo servizo municipal de Policía Local.

ARTÍGO 12.-

RESOLUCIÓN.

1.- A alcaldía adoptará a resolución que procedese en canto ó outorgamento da licenza solicitada e procederá, así mesmo, a aproba-la liquidación dos dereitos por taxas correspondentes.

2.- Nas licencias que se concedan pola reserva de espacio para aparcamento exclusivo faranse constar as hora de estacionamento reservado ó titular da licenza e a obrigación, por parte deste, de colocar discos indicadores de horario concedido para aparcamento exclusivo que facilite a policía municipal a prezo de custo.

ARTÍGO 13.-

NOTIFICACIÓNS.

1.- Adoptada a resolución pertinente, polo negociado practicarase a correspondente notificación ós interesados e comunicarase dita resolución ós servizos municipais responsables da execución do acordo municipal.

2.- Nos supostos de resolución denegatoria da pretensión formulada, pola intervención municipal ordenaranse as operacións pertinentes a fin de que se proceda á inmediata devolución do importe do depósito constituído polo interesado.

3.- Ao servizo municipal de facenda remitirase copia dos actos de concesión de licencias, a fin de que se comprobe o estricto cumprimento das previsións consignadas nos mesmos, en canto teña transcendencia de carácter fiscal.

INFRACCIÓNS E SANCIÓN TRIBUTARIAS.



Concello
de
Narón

Estarase ó previsto na Lei xeral tributaria.

A imposición de sancións non impedirá en ningún caso a liquidación e cobro das cotas devengadas non prescritas.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o día da súa publicación no boletín oficial da provincia, e comezará a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do 2008 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.